O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Terceira. Normativa aplicable

Serán de aplicación, sen carácter exhaustivo, as seguintes normas:

1. Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.
2. Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

3. Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
4. Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
5. Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso á sociedade da información.
6. Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.
7. Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.
8. Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Cuarta. Efectos do convenio e adhesión

O presente convenio constitúe o marco xurídico dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión mediante os modelos que figuran como Anexo I e II ao presente convenio.

No momento da entrada en vigor do presente convenio, as Entidades Locais que viñan recibindo os servizos a través do convenio Portelo único disporán dun prazo de tres meses para a adhesión ao presente convenio. A non adhesión no prazo establecido comportará o cesamento da prestación dos servizos amparados no convenio Portelo único.

Quinta. Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao presente convenio.

Sexta. Duración do convenio

O presente convenio será efectivo desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2013, sen prexuízo de que se acorde polas partes expresamente a súa prórroga por períodos bianuais cunha antelación mínima dun mes á data do seu vencemento.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de tres meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

Sétima. Resolución do convenio

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén, ou por outras causas de invalidez.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Oitava. Sistema de rexistro e información

A Administración da comunidade autónoma de Galicia garantirá a prestación do sistema de rexistro e información de todos os escritos e comunicacións presentados con destino ás Entidades Locais de Galicia a través das oficinas de rexistro e información ao cidadán da Xunta de Galicia, e realizará os investimentos necesarios en infraestrutura informática e de telecomunicacións para a correcta prestación do servizo.

A Xunta de Galicia recoñece a validez e eficacia dos asentos realizados no rexistro da Entidade Local da documentación dirixida a Xunta de Galicia, conforme o establecido no art. 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo común.

Así mesmo, a Administración da comunidade autónoma de Galicia establecerá os sistemas de intercomunicación e coordinación de rexistros coas Entidades Locais que garantan a súa compatibilidade informática, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrados e das solicitudes, escritos, comunicacións e documentos que se presenten en calquera dos seus rexistros. Para estes efectos cooperarase na creación de rexistros electrónicos para a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións.

Todas as actuacións sinaladas cumprirán os estándares de formato e requisitos de seguridade determinados nos esquemas nacionais de interoperabilidade e seguridade.

Novena. Portal das Entidades Locais

A Administración da comunidade autónoma de Galicia potenciará o portal de internet "Eido local" (www.eidolocal.com), impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas Entidades Locais de Galicia.

Neste sentido o portal Eido local impulsará, nas relacións por medios electrónicos entre a Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais, o uso de sistemas de sinatura electrónica conformes á Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, de xeito que poidan intercambiar documentos administrativos electrónicos para a tramitación dos procedementos administrativos.

Décima. Rede corporativa da Xunta de Galicia

A Administración da comunidade autónoma de Galicia garantirá o acceso á Rede corporativa da Xunta de Galicia a todas as Entidades Locais de Galicia dende a sinatura de adhesión ao presente convenio con unha capacidade troncal de 1Gb/s.

CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

Undécima. Utilización dos servizos

As Entidades Locais de Galicia que asinen a súa adhesión ao presente convenio comprométense a facer un uso axeitado dos servizos electrónicos aos que accedan ou que presten segundo as normas sectoriais reguladoras de cada un destes.

Así mesmo, as Entidades Locais de Galicia comprométense a impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a Administración electrónica, mantendo unha actitude proactiva cara á utilización destes servizos, a través de xornadas de formación, difusión e sensibilización das novas tecnoloxías da información e comunicación.

Duodécima. Sistema de rexistro e información

As Entidades Locais de Galicia adheridas ao presente convenio rexistrarán as solicitudes, escritos e comunicacións que os cidadáns dirixan aos órganos da Administración da comunidade autónoma de Galicia nos termos do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, e os asentos realizados terán plena eficacia.

CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS COMÚNS DAS PARTES

Décimo terceira. Intercambio de información

Co obxectivo de facilitar a planificación conxunta e coordinación de investimentos e actuacións, as partes asinantes comprométese ao intercambio de toda a información precisa no que atinxe aos proxectos de Administración electrónica en execución ou en fase de proxecto, nos termos establecidos no protocolo de colaboración asinado o 28 de setembro de 2009.

CAPÍTULO QUINTO. CONTIDOS

Décimo cuarta. Compromisos das partes asinantes

Para impulsar a Administración electrónica na comunidade autónoma de Galicia de acordo co establecido na anterior cláusula e no marco da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e da lexislación autonómica na materia, as partes asinantes comprométese formalmente a:

1. Impulsar o deseño de plataformas de Administración electrónica para a súa implantación e uso común polas Entidades Locais da Comunidade galega, en especial polas que por razóns obxectivas non poidan atender polos seus propios medios as obrigacións consignadas na lexislación sinalada, co obxectivo de impulsar a modernización da Administración electrónica.

2. Promover a utilización, cesión, transferencia e compartición das devanditas plataformas electrónicas, así como, en xeral, de sistemas, aplicacións ou software de titularidade das partes asinantes do presente convenio, para o seu uso por outras administracións, institucións e entidades, de natureza pública ou privada, tanto do devandito ámbito territorial, como do resto do Estado, conforme ao establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 11/2007, antes sinalada, e segundo o que se determine nos correspondentes convenios ou acordos de colaboración, sempre que sexa posible conforme á natureza e contido das plataformas e dos cesionarios destas.
3. Fomentar a implantación e desenvolvemento dun marco galego de interoperabilidade sobre a base do principio de neutralidade tecnolóxica e do impulso da aplicación de estándares abertos.
4. Impulsar as políticas de seguridade da información no seo das administracións públicas da comunidade de Galicia.
5. Impulsar o uso e desenvolvemento da sinatura electrónica e dos servizos asociados a esta.
6. Contribuír á consolidación e despregamento de redes interadministrativas de comunicacións electrónicas entre as administracións públicas da Comunidade galega.
7. Fomentar a participación electrónica da cidadanía que permita eficazmente a posibilidade de coñecer, manifestarse ou co-decidir nos asuntos públicos de competencia das respectivas administracións.
8. Realizar, directamente ou a través de acordos de colaboración con outras entidades ou institucións, actividades de formación, información, publicidade e comunicación en materia de Administración electrónica.
9. Promover e facilitar a incorporación das Entidades Locais ao presente convenio, de acordo co protocolo de adhesión que se recolle nos Anexos I e II.

Décimo quinta.- Catálogo de servizos adicionais

No marco de desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia, defínese o catálogo de servizos adicionais (Anexo III) que se prestan no marco do presente convenio, e incorpóranse aos servizos xa identificados e que se consideran de valor no ámbito das Entidades Locais.

As modificacións ao catálogo de servizos adicionais serán aprobadas no ámbito da comisión de seguimento do presente convenio. Cada un dos servizos poderá estar suxeito a condicións particulares que serán concretadas e aprobadas no catálogo. Estas poderán referirse á obrigatoriedade de uso, custos e requirimentos previos.

Décimo sexta.- Soporte, formación e difusión

A Xunta de Galicia realizará as actividades de soporte ás Entidades Locais dos servizos incluídos neste convenio, así como as tarefas de asesoramento e apoio para o desenvolvemento da Administración electrónica.

Do mesmo xeito, realizará as tarefas de formación ás Entidades Locais e de difusión cara ás propias entidades, cidadáns ou outros ámbitos implicados dos servizos incluídos neste convenio.

A formación do persoal dos asinantes do presente poderá realizarse en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ou de xeito descentralizado.

CAPÍTULO QUINTO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO. COMISIÓNS

7

Décimo sétima. Seguimento da execución do convenio

1. Para o debido seguimento do convenio, incluída a súa posible revisión, modificación, adecuación ou actualización, prevese a existencia dunha comisión de seguimento. O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.
- A conformidade ás posibles adhesións ao presente convenio que se soliciten polas Entidades Locais, aplicando o modelo incorporado no Anexo IV deste convenio, sen prexuízo de que, mediante acordo desta, poida delegar a devandita competencia nalgún ou algúns dos seus membros.

2. A estes efectos, constitúese a Comisión de Seguimento do presente convenio, como unha das subcomisións no marco da Comisión de Dirección do Protocolo de colaboración do 28 de setembro de 2009, que estará integrada por:

- A persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- A persoa titular da Secretaría xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- A persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda.
- A persoa titular da Secretaría Xeral da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.
- Oito representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias, dos que unha metade serán propostos polos representantes dos municipios e outra serán propostos polos representantes das provincias.

3. A Secretaría da Comisión será desempeñada por un funcionario ou funcionaria designada pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

4. Esta comisión reunirse en sesión ordinaria dúas veces ao ano.

5. En sesión extraordinaria reunirse cando o solicite polo menos unha cuarta parte dos membros da Comisión.

6. Será de aplicación o réxime establecido para os órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

CAPÍTULO SÉTIMO. RÉXIME ECONÓMICO DO CONVENIO E DESENVOLVEMENTO

~~Décimo oitava.~~- Financiamento.

A Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio asumirán respectivamente, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.

Décimo novena. Desenvolvemento do presente convenio

A proposta da Comisión de Seguimento ou de calquera das partes asinantes, e sen prexuízo das atribucións conferidas ás comisións previstas no capítulo quinto deste convenio, poderanse subscribir por aquelas os correspondentes convenios singulares de desenvolvemento, para o mellor cumprimento das súas prescricións, en especial cando vaian establecerse obrigacións de financiamento ou para a creación e posta en marcha de instrumentos organizativos e funcionais.

CAPÍTULO OITAVO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Vixésima. Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao artigo 9 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), así como, con carácter supletorio, aos artigos 6 e 8 da Lei 30/1992, citada, e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo sétima do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Disposición adicional primeira. Consentimento de inclusión de datos

As entidades locais consenten a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Conselleiro de Presidencia
Admóns Públicas e Xustiza

Secretaría Xeral de Moder-
nización e Innovación Tecno-
lóxica.

Presidente da
Fegamp

Alfonso Rueda Valenzuela

M^a Mar Pereira Álvarez

Carlos A. Fdez Castro

4.Mocións con motivo do 8 de marzo, día internacional das mulleres.

Sen máis, por unanimidade apróbanse os seguintes mocións:

A) Nº 11/560 do grupo municipal popular.

Exposición de motivos :

A celebración, un ano máis, do día internacional das mulleres o 8 de marzo, supón un momento para a reflexión sobre os logros conseguidos na imparable conquista da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na nosa sociedade, e tamén sobre todas aquelas cuestións pendentes sobre as que é preciso un esforzo suplementario neste momento de profunda crise que nos toca vivir.

Na nosa comunidade autónoma a situación das mulleres no mercado laboral ten dado grandes pasos nos pasados vinte anos, pero segue a mostrar unha posición desigual con respecto aos varóns, dándose esta mesma desigualdade noutros ámbitos, como a participación política, social ou cultural.

En boa medida esta situación desigual débese ás grandes dificultades que seguen existindo para conciliar a vida persoal, laboral e familiar, moi particularmente para as mulleres, que son as que continúan desempeñando de xeito maioritario as tarefas de coidado de fillos e fillas e persoas dependentes, un feito este que incide nas súas opcións de incorporación, permanencia ou promoción no mercado laboral, e nas posibilidades de continuar formándose nun mercado de traballo cada vez máis esixente en termos de actualización dos coñecementos.

Esta desigualdade de partida ten importantes consecuencias na imposibilidade de adquirir, por parte de moitas mulleres, a necesaria independencia económica, un feito que adquire trágicas dimensións cando, en determinadas ocasións, limita as posibilidades das mulleres vítimas de violencia sexista de denunciar a súa situación e alonxarse do maltratador.

Vivimos uns meses particularmente duros no que se refire á violencia de xénero, que a pesares dos esforzos realizados, sigue manifestándose con toda crudeza no noso país, un feito que non se pode obviar cando se tenta por en evidencia os logros, pero tamén os fracasos, das políticas para conseguir unha sociedade máis igualitaria, onde as persoas, sen diferenzas por razón de sexo, podan desenvolver as súas capacidades e elixir libremente a súa traxectoria persoal e profesional.

Polo que acórdase :

1. Instar á Xunta de Galicia a reforzar as medidas implementadas para optimizar a empregabilidade das mulleres, impedindo que os logros obtidos nos últimos anos na participación igualitaria das mulleres no mercado laboral podan verse limitados, todo elo dentro do marco establecido na Estratexia para a Igualdade entre Mulleres e Homes 2010-2015 da Comisión Europea.
2. Fortalecer a colaboración interinstitucional coa Xunta de Galicia, para mellorar os servizos e programas de apoio á conciliación da vida persoal, laboral e familiar.
3. Por en marcha medidas de cara a unha racionalización dos horarios dos servizos municipais, que permita a todos os veciños e veciñas, atender máis racionalmente ás súas obrigas profesionais e de coidado dos nenos e nenas e persoas dependentes.
4. Perfeccionar as medidas postas en marcha cara á prevención da violencia de xénero, dada a importancia que unha axeitada coordinación a nivel municipal ten na detección dos casos de violencia e a atención das mulleres vítimas.

B) Nº 11/585: do grupo municipal socialista.

Exposición de motivos :

Os acordos recentemente concertados entre Goberno, Sindicatos e Sector Empresarial significan un bo comezo para remontar a actual situación de crise económica na que o noso país e os conxunto da UE están sumidos nos últimos anos. Pero tamén se fai necesario, para superar esta ardua etapa, que as Administracións máis próximas á cidadanía, os Concellos, acaden un Pacto de compromiso y de responsabilidade ca cidadanía, para erradicar definitivamente as desigualdades entre homes e mulleres aínda existentes na nosa sociedade.

Crear e manter un modelo social máis igualitario, máis eficiente e máis produtivo, con maior cohesión social e sen poñer en perigo o Estado de Benestar, fai necesaria unha reflexión en profundidade e unha toma de decisións meditada pero decidida como fin último da xestión municipal, que non só repercutirá no ben común nos eidos máis próximos, senón tamén no ámbito xeral de todo o país.

Debemos pois forxar un novo paradigma de servizos sociais máis acorde ca realidade das mulleres dan nosa sociedade actual para reducir os desequilibrios entre mulleres e homes.

A responsabilidade do privado sigue sendo, case exclusivamente, das mulleres, e senón acadamos que os homes se conciencien e compartan as responsabilidades familiares, as mulleres seguirán estando en clara desvantaxe. Porque a igualdade “real e efectiva” pasa pola incorporación das mulleres a un emprego de calidade nas mesmas condicións que os homes, e isto esixe un reparto igualitario da esfera do privado, dos asuntos domésticos e dos coidados. Só cunha verdadeira corresponsabilidade entre homes e mulleres se equilibrarán realmente as oportunidades para elas.

Por elo, a corresponsabilidade entre homes e mulleres no privado, o acceso das mulleres ao mercado laboral e en postos de traballo de calidade, así como o empoderamento das mulleres no público, son os instrumentos que nos permitirán remover positivamente as estruturas sociais baseadas na antiga sociedade patriarcal.

Esta tarefa debe comezar dende a xestión dos concellos porque é de onde parte a posta en marcha das políticas de Igualdade para acadar que o enorme potencial humano, social e económico que significan as mulleres na sociedade, contribúa decisivamente a mellorar a nosa situación económica e a seguir avanzando en materia de igualdade entre homes e mulleres.

Polo que acórdase :

1. Incorporar a perspectiva de xénero ás políticas activas de emprego que se desenvolven a nivel local.
2. Repensar os horarios, apostando pola flexibilidade nos servizos públicos, a harmonización dos tempos escolares e unha racionalización dos horarios comerciais para que sexan compatibles coa conciliación da vida profesional e persoal de mulleres e homes.
3. Estender a rede de servizos de atención aos menores de 0 a 3 anos e ás persoas en situación de dependencia, así como a ampliación de horarios de escolas infantís e centros de día para persoas maiores e persoas con discapacidade.
4. Fomentar a posta en marcha de proxectos de apertura para os centros escolares co fin de atender as necesidades de conciliación das familias de cada centro, segundo as demandas familiares. Se desenvolverán os servizos de almorzo, comedor e actividades extra escolares necesarias para a conciliación no período lectivo. Do mesmo xeito, garantiremos a posta a disposición das familias de servizos de atención infantil de carácter lúdico durante os períodos de vacacións escolares.
5. Reforzar os programas de Servizo de Axuda a Domicilio e tele asistencia para a atención das persoas en situación de dependencia, maiores, familias en risco de exclusión e persoas con discapacidade, promovendo a creación de emprego feminino e a actividade emprendedora das mulleres neste sector, á vez que se potencia a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.
6. Dende os servizos de orientación, formación e intermediación municipais para o emprego, se fomentarán Programas Estratéxicos de Promoción da Igualdade de Oportunidades nas empresas. De acordo ca Lei de Contratos do Sector Público, se incorporarán, na adxudicación de contratos públicos, cláusulas que permitan valorar positivamente ás empresas socialmente responsables ca igualdade.
7. Estimular as iniciativas emprendedoras das mulleres e o fornecemento das redes de mulleres empresarias, a través de axudas económicas (subvencións e micro créditos). Neste contexto, e dende as políticas locais, incentivaremos o acceso das mulleres ás tecnoloxías da información e o coñecemento, porque isto terá importantes efectos económicos e sociais.
8. Impulsar a loita contra a feminización da exclusión social, adecuando a resposta e os recursos dos Servizos Sociais ás diferentes necesidades dos colectivos de mulleres en situación ou risco de exclusión e estimulando o acceso aos recursos educativos, sociais e económicos.

5.Moción, do grupo popular relativo ó “ Plan de rescate autoestradas de peaxe á AP- 53”.

Exposición de motivos :

A rebaixa da peaxe na autoestrada AP-53 entre Santiago e o Alto de Santo Domingo en Dozón (Pontevedra) é unha demanda que se ven reiterando desde hai moitos anos, desde os grupos políticos do Parlamento de Galicia, e a Unión de Consumidores Europeos de Galicia, os Sindicatos Agrarios, Cooperativas Agrarias, Federación de Transporte de UXT e as Asociacións de Empresarios e de Comerciantes.

Así mesmo, o propio Parlamento de Galicia aprobou varias proposicións de Lei nas que se insta ao Ministerio de Fomento a negociar unha rebaixa da peaxe coa empresa concesionaria ACEGA, demanda á que se sumou a solicitude do traspaso da titularidade da autoestrada AP-53 á Xunta de Galicia, de xeito que o Goberno Galego poida aplicar neste vial os mesmos descontos que realiza nas demais autoestradas da súa propiedade.

Sen embargo, ano tras ano esta peaxe foise incrementando ata situarse actualmente en 5,15 € par ao tramo entre Santiago e o Alto de Santo Domingo, o que representa unha suba do 41 por cento desde a súa total posta en funcionamento no ano 2004. Estas cifras sitúan á AP-53 como unha das autoestradas máis caras de España (0,12 Euros por quilómetro), o que motiva que presente unha baixa intensidade media de vehículos diaria (7.387 en agosto de 2010), moi lonxe da media nacional (20.023 no ano 2009).

Recentemente, o Presidente da Patronal de grandes construtoras (SEOPAN), D. David Taguas, solicitou ao Ministerio de Fomento, D. José Blanco, unha ampliación dos créditos participativos no orzamentos xerais do Estado 2011 para as autoestradas de peaxe. Esta demanda xa estaba parcialmente recollida nunha emenda aos orzamentos introducida polo grupo parlamentario do Partido Socialista Obrero Español, a través da que se incrementará en 295 millóns os 355 millóns de euros previstos inicialmente polo Ministerio de Fomento, aínda que SEOPAN solicitaba outros 305 millóns máis (ata chegar aos 600 millóns de euros).

Esta medida beneficiará directamente a diversas autoestradas españolas, como as radiais de Madrid R2, R3 e R5, a conexión de pago coa terminal 4 do aeroporto de Barajas, o corredor Madrid-Toledo, a de Ocaña-A Roda, e as de Alacante-Cartaxena e Cartaxena-Vera. Todas elas están consideradas en risco de quebra pola súa baixa densidade de tráfico, polo que o Goberno central considera necesario axudar ás empresas concesionarias na súa explotación.

Os concesionarios reclaman ao Goberno central mecanismos para dar resposta á exígua rendibilidade e, incluso, dubidosa rendibilidade destas autoestradas de peaxe, que se sitúan moi por debaixo da media nacional de vehículos diarios. Trátase de casos moi similares ao que sucede coa AP-53 entre Santiago e o Alto de Santo Domingo, na que, a pesar dos beneficios para a súa utilización que supuxo a apertura do tramo libre de peaxe entre Dozón e o enlace coa autovía das Rías Baixas, segue contabilizando pouco mais dun terzo da media nacional de densidade de vehículos rexistrada en 2009.

Por este motivo, considérase indispensable que o Ministerio de Fomento inclúa a AP-53 no listado de autoestradas de peaxe que se beneficiarán das medidas de rescate adoptadas polo Goberno central para garantir a súa viabilidade económica, unha acción que levaría consigo unha rebaixa da peaxe aos usuarios para mellorar a mobilidade e a seguridade vial pola zona centro de Galicia.

Polo exposto, propoño ao Pleno da corporación municipal de Boqueixón o seguinte acordo:

- Instar ao Ministerio de Fomento para que incorpore a AP-53 no plan de rescate das autoestradas previsto nos orzamentos do Estado para 2011, de xeito que se faciliten axudas á concesionaria desta autoestrada que permitan rebaixar a peaxe e incrementar o tráfico que discorre pola mesma.

Sen máis, procédese coa votación, e coa abstención dos representantes do P S de G e cos votos a favor dos do PP, apróbase a moción do grupo de goberno municipal relativa á solicitude ao Ministerio de Fomento para incluíla no plan de rescate das autoestradas de peaxe á AP-53 Santiago - Alto de Santo Domingo (Dozón).

6.Moción do grupo socialista “ Familia “.

As políticas sociais son instrumentos fundamentais para garantir a cohesión social e a efectiva igualdade de oportunidades entre as persoas, corrixindo as inxustizas dunha sociedade que aínda ten que mellorar. A chegada ao goberno de Núñez Feijoo supuxo un retroceso inmenso e palmario nestas políticas, eliminando servizos públicos, privatizando aqueles que manteñen, reducindo de forma dramática os orzamentos dedicados a políticas sociais (así nestes orzamentos as políticas sociais supuxeron no seu conxunto unha redución nas partidas autonómicas en máis de 300 millóns de euros) , etcétera.

O incumprimento dos compromisos electorais, pasados xa dous anos dende a toma de posesión do executivo galego é xa facilmente contrastable, e os ataques as políticas sociais e as políticas de igualdade son frontais.

Unha das cuestións sobre as que supostamente o PP facía especial fincapé no seu programa electoral ,”a protección da familia” a día de hoxe ven sendo unha lamentable sucesión de anuncios mediáticos de políticas inexistentes e o intentos de cambiar modelos sociais que custou moito esforzo e traballo conxunto da sociedade conseguir. A única resposta que ten dado a Xunta de Galicia a atención “a familia” e o recén aprobado Anteproxecto de Lei de Apoio á Familia e a convivencia en Galicia, un texto normativo que prantexa unha mera declaración de intencións non acompañada de memoria económica e que foi obxecto de unha dura crítica por parte do Consello Económico e Social de Galicia . O CES informa que este texto é un texto “regresivo “, que “recorta dereitos sociais “, que pretende volver “ao patriarcado “, recuperando “o rol tradicional da muller“ para así evitar investir en servizos públicos como escolas infantís, dependencia, comedores escolares, etc... O órgano autonómico sinala que este anteproxecto ten unha “forte carga ideolóxica“ referíndose só á familia tradicional.

En efecto, o partido socialista viña denunciando a forte carga ideolóxica dun texto que, lonxe de buscar e propoñer medidas sociais concretas para garantir o benestar dos diferentes modelos de familia posibles na sociedade, e apostar pola inversión en servizos públicos que posibiliten ese benestar, pretende “exportar“ un único modelo de familia no que a muller recupere un rol xa superado dende hai moitos anos. O grupo municipal socialista pretende que a Administración adopte unha serie de medidas que posibiliten que as persoas que libremente queiran ser pais o nais ,en calquera modelo de familia existente, poidan contar coas medidas e servizos públicos que apoiem ese exercicio libre da maternidade e paternidade, con medidas concretas, inversións públicas, medidas fiscais e todo un conxunto de actuacións que non sexan unha mera proclama ideolóxica sen ningún contido concreto

A maiores, este texto pretende regular institucións xa previamente reguladas polo dereito civil como adopción o acollemento entre outras, o que pode ocasionar inseguridade xurídica nunhas normas perfectamente reguladas xa polo dereito civil e que, malia o pretendido pola Conselleira de Benestar e Traballo, non poden ser legalmente modificadas por este novo texto normativo

En virtude do exposto, o grupo parlamentario socialista propón a seguinte moción ó pleno do concello de Boqueixón :

Instar á Xunta a :

1) Retirar o anteproxecto de lei de apoio á familia e a convivencia en Galicia pola súa profunda carga ideolóxica “regresiva” respecto ó rol da muller, os dereitos sociais, e os modelos de familia existentes.

2) Presentar medidas e servizos concretos de apoio integral a todas as persoas que queiran exercer libremente a maternidade ou a paternidade, destinando partidas económicas concretas para os mesmos, e sinaladamente na construción de escolas infantís, ludotecas, centros de día, equipamentos sociais, ampliación de comedores escolares, ampliación dos horarios dos centros escolares fora do horario escolar, etcétera.

Cos votos a favor dos representantes do P.S.de G, e coa abstención dos do P.P apróbase a moción “ Familia” presentada polo grupo socialista.

7.Información alcaldía.

Dase conta :

1- Dos decretos dende 7/01/2011 ata 23/02/2011.

2- Do aforro derivado da redución das nóminas do persoal funcionario e laboral fixo, durante o ano 2010, que ascende a 28.546,20 €

Dito aforro será destinado á cancelación do préstamo nº 0320-66.010-9, que a esta data ten un saldo pendente de amortización de 77.329,05 €, quedando, polo tanto, pendente de amortización, 48.782,85 €.

8) Rogos e preguntas.

O sr. Viaño fai as seguintes preguntas:

1. ¿ Cal é a situación legal do local de Ledesma ?. Os veciños tiñan a idea de que era propiedade parroquial e atópanse con atrancos.

¿Cómo foi o proceso para chegar a esta situación?.

Responde o sr. alcalde que o concello non ten problema para cedelo, sempre que non lle cause gastos ao concello. Si se lle cede, a asociación deberá comprometerse a sufragar todos os gastos que o mantemento do local xere. Si se fai así, o concello cédelle a titularidade do local, tramitando o procedemento legal que nestes casos hai que facer.

O sr. Viaño, di que coincide e está de acordo co que di o sr. alcalde e pide que se faga unha xuntanza cos veciños para aclarar certas cuestións xurídicas, como o tema das masas comúns que foron cedidas polo IRIDA ao concello, as obras que se fixeron polo concello con subvencións da Deputación, etcétera.

Reitera o sr. alcalde, que o concello está disposto a cederlle o local social pero coa obriga de que se responsabilicen de todos os gastos do mantemento, que o concello non ten ningún interese especial por manter este local, pero si o asumen os veciños será coa obriga de correr con todos os gastos derivados do seu mantemento.

Neste momento , cando son as 21:30 , abandona a sesión o concelleiro sr. Sanjuás Mera.

2. ¿ Por qué non se inclúen na ampliación da travesía de Rodiño un carril de vehículos lentos ? ¿ En qué se vai mellorar o tránsito dos usuarios da AC-960 ? Non hai unha densidade tan alta de poboación como para facer un proxecto con tantos cruces, carriles de espera, etcétera.

Responde o sr. alcalde que así foi aprobado o proxecto e di tamén que levan traballando case catro meses e as obras non están avanzando.

3.¿ Por qué se apaga todo o alumeado próximo á casa da cultura de Camporrapado, provocando que se hai algunha xuntanza non teñan iluminación cando se pecha ? ¿ Non se ía facer un agregado por zonas, racionalizado e en todas as parroquias ?

Responde o sr. alcalde que toma nota deste feito para dar as ordes oportunas, e segue dicindo que deberían estar uns farois alumeando e outros apagados.

O sr. Viaño di que efectivamente debería ser así, ou ben , conectar un foco co interior, e solicita unha forma racionalizada e equilibrada para todas as zonas..

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e prace

A secretaria

O presidente